

BASES SAN SILVESTRE “O ROSAL”

Artigo 1: O Concello do Rosal organiza a carreira popular San Silvestre “O Rosal”.

Artigo 2: A proba celebrarase o **31 de Decembro de 2023; ás 11,00 horas realizarase a andaina e ás 12,00 a carreira** non competitiva estimando que nunha hora e media estará rematada a san silvestre. A saída e meta estarán situadas no Pavillón Municipal.

Artigo 3: A andaina terá 2.300 metros para os máis pequenos e a carreira non competitiva terá 4.000 metros percorrendo polas seguintes vías:

Percorrido de 4000 metros: Saída dende a o Pavillón Municipal pola rúa Simón del Mazo, Rúa dos Castros, Rúa Campo da Feira, Camiño de Gandarela, Camiño da Laxe, Camiño Tiarxo, Camiño Laxe do Campo, Camiño a Morraceira, Estrada da Morraceira, Estrada de Furnos, Camiño Pampaloas, Camiño Campo da Feira, Rúa Simón del Mazo e Praza do Calvario



Percorrido de 4.000 mts

Percorrido de 2.300 Metros: Saída dende o Pavillón Municipal a Simón del Mazo, Rúa dos Castros, Rúa Campo da Feira, Camiño de Gandarela, Estrada da Morraceira, Camiño Campo da Feira, Rúa Simón del Mazo e Praza do Calvario





Percorrido de 2.300 mts

Artigo 4: A proba será controlada por policía local, protección civil, voluntarios e persoal da organización. En toda cuestión ou dúbida que non estea contemplada neste regulamento aplicarase o criterio da organización.

Artigo 5: O prazo de inscrición será ata o 27 de decembro. As persoas interesadas en participar teñen que inscribirse na web do concello tendo que facilitar nome, apelidos e DNI.

Artigo 6: Non existen categorías. Ó finalizar tódolos participantes serán agasallados cunha chocolatada e participarán no sorteo de seis cestas. Para optar ó sorteo o participante deberá estar presente durante o mesmo.

Artigo 7: Os dorsais poderán ser recollidos no concello antes do día 31 de decembro ou recollelo o propio día os participantes da andaina de 10,00 a 10,45 e os participantes da carreira de 11,00 a 11,45 horas.

Artigo 8: Haberá un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que ampara a todos os participantes e á organización.



Artigo 9: A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión de proba se as condicións meteorolóxicas ou outras forzas de causa maior así o aconsellan, pospoñéndose neste caso para outra data.

Artigo 10: A organización declina toda responsabilidade dos danos físicos ou morais, prexuízos ou lesións de participantes sen inscrición que poidan ocasionar a eles mesmos, a terceiras persoas ou a elementos materiais.

Calquera incidente motivado ou sufrido por persoas alleas á competición e intrusas na carreira non será amparado polo seguro subscrito pola organización, recaendo a responsabilidade sobre o corredor que as introduza en carreira, de ser o caso.

Artigo 11: Todos os participantes aceptan as presentes bases. A organización resérvase o dereito a efectuar calquera modificación nas condicións indicadas.

O Rosal, 14 de novembro de 2023

Ánxela Fernández Callís

ALCALDESA DO ROSAL

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

